

[Entrar](#)¿Nuevo usuario? [Regístrate](#)[Portada de Noticias](#) - [Ayuda](#)

Os Centros Cívicos envórcanse co 800 aniversario da Coruña e a candidatura da Torre de Hércules á Unesco

europa
press

Europa Press - viernes, 22 de febrero, 14.15

Os amantes da bicicleta poderán percorrer os lugares máis emblemáticos da historia da cidade A CORUÑA, 22 (EUROPA PRESS) - A concelleiro de Servizos Sociais do Concello da Coruña, Silvia Longueira, presentou hoxe o programa de actividades que desenvolverán os centros cívicos da cidade para conmemorar o 800 aniversario do outorgamento da carta fundacional da Coruña, así como un taller artístico dirixido a un público xuvenil sobre a candidatura da Torre de Hércules como Patrimonio da Humanidade pola Unesco.

Entre as iniciativas programadas haberá tamén rutas históricas pola cidade en bicicleta --vehículo que prestarán a todos os interesados--, talleres creativos e unha grande solta de globos que terá lugar a finais de ano.

A actividade "estrela", segundo Longueira, é a que leva por título 'A luz de Lupo', unha actividade didáctica e lúdica encamiñada a coñecer o carácter construtivo e artístico do monumento. "Ensinará por que se fixo e como se fixo a Torre de Hércules e como as distintas rehabilitacións se foron facendo con criterios de practicidad e ornamentísticos", comentou.

O obxectivo é poñer en valor este carácter vivo do patrimonio cun taller teórico-práctico que finalizará coa construción de varios modelos baseados na estrutura romana da Torre. Este taller estruturarase en 3 bloques: a apreciación artística, a creación e tecnoloxía e a construción da maqueta.

Levarase a cabo nos centros cívicos de Castrillón, Elviña, Monelos e Labañou e está dirixido a novos de 13 a 17 anos de idade, que participarán nel dende o 10 de marzo ata o 21 de xuño de forma gratuíta.

RUTAS HISTÓRICAS.

Por outra parte, en canto ás actividades relacionadas coa conmemoración do 800 aniversario da cidade da Coruña, terá lugar a chamada 'A Coruña en bicicleta, ruta histórica,' que consiste en percorrer os puntos máis relevantes da cidade relacionados co 800 aniversario, como as rúas dedicadas a Alfonso IX ou a das Damas ou lugares emblemáticos como a colexiata de Santa María del Mar ou a Igrexa de Santiago.

A actividade é gratuíta e está dirixida ao público en xeral. Formaranse grupos dunhas 30 persoas que partirán, logo de inscrición, de Centro Cívico correspondente. Poranse bicicletas a disposición dos participantes que as requiran e celebrarase todos os sábados do 19 de abril ao 14 de xuño, un sábado dende cada centro cívico.

Outra actividade será '800 mensaxes, 800 desexos, 800 ilusións', onde, ao longo do ano a xente poderá achegarse aos centros cívicos e depositar unha mensaxe cun desexo ou unha ilusión. Esas mensaxes escribiranse en papel pergameo, meteranse nun globo e depositaranse nunha urna para que, a final de ano, se faga unha solta de globos que simbolizará as ilusións da cidade. A recollida de mensaxes será de marzo a decembro e a solta de globos o 30 de decembro.

Por último, Longueira adiantou que se proxectarán películas de todos os tempos onde aparece a cidade da Coruña nunha actividade que conta coa colaboración do Centro Galego de Artes da Imaxe, o CGAI e que terá lugar alí en abril, maio e xuño (martes ás 11.30 horas) e outubro, novembro e decembro, (martes ás 12.00 horas).

Vídeo/Audio: España

[Acebes pide cuidado y prudencia a los que ...](#) EFE

[Rajoy ironiza sobre el despiste de Zapatero ...](#) EFE

[Madrid acoge este fin de semana el XIII Salón ...](#) Europa Press

[Rajoy avisa que si gana Zapatero volverán los ...](#) EFE

Copyright © 2008 Yahoo! Todos los derechos reservados

